

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE VEDRA E A ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL E DEPORTIVA RIBADOULLA

En Vedra a 1 de xaneiro de 2019

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Carlos Martínez Carrillo, con DNI 33.284.493 C, na súa calidade de Alcalde-Presidente do CONCELLO DE VEDRA, con NIF P1509000D, e domicilio na Avda. Mestre Manuel Gómez, 1, 15885 Vedra (A Coruña).

Doutra, D. Gerardo de la Fuente Carrillo, con DNI 44832427E, na súa calidade de presidente da ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL E DEPORTIVA RIBADOULLA, e en representación da mesma, con CIF G-70531819 e domicilio social no lugar de Avenida Mestre Manuel Gomez nº19, 15885 Vedra (A Coruña)

Todos interveñen en función dos cargos que ocupan e recoñécense a capacidade legal necesaria para formalizar o presente convenio, e ao seu efecto

EXPOÑEN:

Primeiro: Que a Asociación Sociocultural e Deportiva Ribadoulla, fundouse no ano 2017 coa vontade de promocionar os deportes, e en concreto todos os relacionados coa bicicleta. O artigo 6 dos estatutos de dita Asociación recolle que son os seus fins os seguintes:

- A promoción da vida saudable e do deporte.
- A promoción e a desestacionalización do turismo ecosostible.
- A promoción de relación entre a veciñanza e a súa participación nas actividades socioculturais e deportivas.

Para a consecución de ditos fins, a Asociación organiza actividades relacionadas co ciclismo, como a organización de rutas ciclistas polo Concello de Vedra e por outras partes de Galicia, a creación dunha sección deportiva dentro da



Asociación para proporcionar unha cobertura de seguros e da Federación Galega de Ciclismo ás actividades dos socios, e o impulso de actividades que promovan o turismo no concello.


Todo isto supón un importante esforzo económico para dita Asociación que, por outro lado, e dada as disciplinas das que se trata, ten moi limitada a súa capacidade de xerar ingresos.

Segundo: Que o Concello de Vedra, dentro das funcións que lle son propias segundo a Lei de Bases de Réxime Local, segundo o disposto no artigo 25, ten como unha das súas finalidades o desenvolvemento de actividades deportivas e de ocupación do tempo libre dentro do seu territorio.

Terceiro: Que a sinatura deste convenio é un xeito de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilita a utilización conxunta dos medios e servizos públicos, contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Aplicando o disposto nas seguintes leis e disposicións: a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; c) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; f) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Cuarto: Que as Institucións que comparecen concordan en asinar un convenio de colaboración mutua que favoreza e amplíe o abano de actividades no eido da formación física e deportiva da xente do Concello de Vedra, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



A large, stylized handwritten signature in black ink, written over the stamp and extending to the right.

Primeira: Compromisos da Asociación Sociocultural e Deportiva Ribadoulla:

A Asociación Sociocultural e Deportiva Ribadoulla comprométese a:

- Colaborar co Concello de Vedra en toda actividade relacionada co deporte cando sexa solicitado para tal fin.
- Contribuír á promoción turística do concello de Vedra.
- Organizar actividades que promovan a vida saudable e o deporte entre a veciñanza de Vedra.

Segunda: Achega económica do Concello:

O Concello de Vedra, dado o interese deportivo e social da actividade desenvolvida pola Asociación Sociocultural e Deportiva Ribadoulla, achegará MIL euros (1.000 €).

O pagamento farase efectivo no número de conta da Asociación Sociocultural e Deportiva Ribadoulla.

En todo caso, as achegas comprometidas non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

Terceiro: Denominación e publicidade:

A Asociación Sociocultural e Deportiva Ribadoulla, mentres subsista o convenio, comprométese a incluír en todo tipo de material publicitario ou de difusión o logotipo do Concello de Vedra, indicando claramente a súa participación como colaborador. Así mesmo, calquera información nos medios de comunicación (prensa escrita, radio, internet, boletíns ou notas internas da Asociación...) deberá aludir á colaboración do Concello de Vedra.

Cuarto: Trámites preceptivos para sinatura do convenio:

A Asociación Sociocultural e Deportiva Ribadoulla presentará cada seis meses, contados dende a sinatura do presente convenio, unha memoria de actividades e unha



memoria económica para o citado período. O contido da dita memoria debe ser suficiente para analizar a necesidade, oportunidade, impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.

Quinto: Comisión de seguimento:

Para a vixilancia e control da debida execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes asinantes créase unha comisión de seguimento que estará integrada polo Sr. Alcalde, polo Concelleiro de Deportes, Novas Tecnoloxías e Comunicación Social (ou persoas en quen deleguen) e polos Presidente e Secretario do Club Ciclista Ribadoulla.

Esta comisión resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xerarse respecto do convenio.

Sexto: Modificación do convenio

As modificacións do contido do presente convenio precisará do acordo unánime dos asinantes.


Sétimo: Duración do convenio.

O presente convenio terá vixencia dende o 1 de xaneiro de 2019 e polo prazo de un un ano, renovándose de xeito anual automaticamente por silencio das partes, ata acadar o prazo máximo de catro anos.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por outro período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

Octavo: Extinción do convenio:

O presente convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que



constitúe o seu obxectivo o por incorrer en causa de resolución.

Serán causa de resolución:

-Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado prórroga do mesmo.

-Acordo unánime de todos os asinantes.

-Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. O dito requirimento será comunicado á comisión de seguimento e aos demais asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización por prexuízos causados si estiveran previstos.

-Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.


-Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio e noutras leis.

Noveno: Indemnizacións por incumprimento:

En caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes será a Comisión de Seguimento quen determine a posible indemnización á que este incumprimento de lugar. A cantidade resultante deberá de ser xusta e equilibrada co prexuízo ocasionado.

Décimo: Cuestións litixiosas:

Para todas as cuestións litixiosas que puideran derivarse do presente convenio,



The image shows a circular official stamp of the 'CONCELLO DE SERRA' in Galicia. The stamp features a central coat of arms and the text 'CONCELLO DE SERRA' at the top and 'GALICIA' at the bottom. A handwritten signature in black ink is written across the stamp, extending to the right.

ambas partes sométense ao foro exclusivo dos tribunais e xulgados do domicilio da administración, renunciando expresamente o adxudicatario ao foro do seu xuíz e domicilio.

O que asinan ambas partes en probar de conformidade e consentimento na data do encabezado.

O Alcalde-Presidente
do Concello de Vedra


Asdo: Carlos Martínez Carrillo

O Presidente da Asociación
Sociocultural e Deportiva Ribadoulla


Asdo: Gerardo de la Fuente Carrillo.